

---

## **BASES DO SORTEO PARA A CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DO DÍA DO PAI 2020**

- A campaña de promoción do “Día do Pai”, desenvolverase entre os **días 13 e 19 de marzo do 2020**, ambos incluídos.
- Para participar, haberá que mercar nalgún dos establecementos adheridos a esta campaña e cubrir as papeletas que se entregarán coa compra.
- A papeleta, depositarase en calquera dos establecementos onde se faga a compra, cubríndoo cun nome e un teléfono de contacto, con letra clara e visible, e **acompañado do seu xustificante de gasto proporcionado polo propio establecemento**.
- Achegarase unha soa papeleta por cada xustificante de gasto. **Non se admitirán aquelas que veñan sen el**.
- O premio so sorteo consiste nunha “**Caixa Experiencia Eskapark**”. e non poderá ser trocado en ningún caso.
- As papeletas pasaranse a recoller a partir do 20 de marzo e **o sorteo realizarase o día 2 de abril ás 21h**, entre todas as papeletas que deberán cumprir as bases.
- Sacaranse tres papeletas, a primeira será a persoa gañadora, e as outras dúas serán 1ª e 2ª suplente.
- Porémonos en contacto coa persoa gañadora a través do teléfono facilitado na papeleta, ademais de publicarse na páxina web e RR.SS. da Asociación.
- No caso de que non se poida contactar coa persoa, que rexeite o agasallo e/ou que non responda nun periodo de 15 días despois da comunicación, procederase a contactar coa 1ª suplente. Mesmo procedemento para a 2ª suplente.
- Non poderán participar as persoas titulares/responsables dos establecementos adheridos, nin as persoas traballadoras nos mesmos e os familiares directos de ambos.
- Non poderán participar as persoas menores de 18 anos.
- Soamente darase un premio por persoa.
- O mero feito de participar nesta promoción, implica que a persoa acepta totalmente as condicións destas bases legais.
- **MARZO 2020**